



Nº EXPEDIENTE: 2025/SUBDIREC/000029

ANEXO RESOLUCIÓN APROBACIÓN DA SUBVENCIÓN

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A ENTIDADE ASOCIACIÓN CLUB DE TENIS PONTEVEDRA PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE DO TENIS NO CONCELLO DE PONTEVEDRA NO ANO 2025

No Concello de Pontevedra na data que consta na sinatura electrónica

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde do Concello de Pontevedra, no exercicio das atribucións conferidas pola lexislación do Réxime e Administración Local.

Doutra parte, D. Andrés Martínez Astor, co NIF ***7751**, actuando como presidente en nome e representación da entidade Asociación club de tenis Pontevedra (NIF G36039121), segundo resulta acreditado na documentación de representación que consta no servizo de deportes, asegurando a vixencia do seu cargo e das súas facultades para este acto.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade xurídica bastante para o outorgamento e formalización deste convenio e, a tal efecto

EXPOÑEN:

I. Atendendo ao disposto polos artigos 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo, exercendo en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de promoción do deporte e de instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. No mesmo senso, o artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia establece como competencia dos concellos, entre outras, fomentar e promover a actividade deportiva no seu territorio respectivo. Débese ter en conta tamén o disposto no artigo 43 da Constitución de 1978, cando estipula que: “Os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Asemade, facilitarán a axeitada utilización do ocio”.

II. Que entre os principais fins da entidade Asociación club de tenis Pontevedra figuran os concorrentes coas competencias municipais expresadas.

III. O Concello de Pontevedra fai un esforzo moi importante, dende os últimos anos, para a celebración no noso municipio de eventos deportivos de primeira orde no Estado español e a nivel internacional, coa finalidade de fomentar a participación deportiva entre a poboación e promover a súa imaxe.

O evento deportivo para o que se solicita a axuda é unha proba de grande interese público e social, polo elevado número de participantes e espectadores, polo nivel deportivo da proba, así como pola promoción do deporte de base, do turismo e da economía do noso municipio. Deste xeito, a celebración do evento na cidade de Pontevedra suporá, por un lado, a posta en valor da actividade física e deportiva e, por outro, o fomento e a difusión da cidade como promotora de competicións dun destacado nivel deportivo, promovendo a súa imaxe e a súa oferta cultural, turística, comercial e deportiva. A importante repercusión e difusión da proba e o elevado número de participantes e espectadores que se achegan á cidade, fan que a actividade teña un importante retorno económico





para a veciñanza, promovendo a promoción da imaxe de Pontevedra como escenario dunha proba deportiva de alto nivel.

A relevancia da actividade deportiva sinalada, así como as anteditas razóns de promoción do deporte, especialmente o deporte de base, e da difusión da imaxe da cidade xustifican a excepcionalidade esixida pola Ordenanza de subvencións do Concello en canto á porcentaxe da subvención a outorgar, propoñéndose que esta poida alcanzar ata o 100% do custe das actividades.

Cómpre subliñar que o campionato obxecto do presente convenio é organizado por unha entidade deportiva de base que ten unha relación directa coa organización de actividades deportivas na modalidade do tenis, aínda que o dito campionato é de carácter puntual e extraordinario e desenvólvense fóra da súa programación habitual, polo que non se inclúe no orzamento anual do club que solicita a axuda.

IV. A subvención obxecto do expediente figura prevista co número de ficha con número de orde 015 dentro da area de competencia de deportes do Anexo I da actualización do PES para o ano 2025 (aprobada a través do Decreto de Alcaldía do 22.08.2024), pertencente ao Plan estratéxico de Subvencións do Concello de Pontevedra para os exercicios 2023-2025 e publicado no apartado de transparencia da sede electrónica do Concello de Pontevedra.

V. A tal fin, no marco das competencias en materia deportiva e de ocupación do tempo libre, segundo os artigos antes citados da Lei 7/1985 e da Lei 3/2012, e en desenvolvemento do plan estratéxico de subvencións para o trienio 2023-2025, este Concello comprometeu no seu Orzamento Xeral para 2025 a aplicación orzamentaria necesaria para asumir unha parte dos gastos que ocasiona a organización de actividades e eventos deportivos, singulares e relevantes, no noso municipio.

VI. O convenio de colaboración resulta o instrumento xurídico habitual para canalizar as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, consonte ao establecido na actualmente vixente Ordenanza xeral municipal de subvencións, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 17/09/2004 (BOP nº 190 do 30/09/2004), baixo a vixencia da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e do Regulamento que desenvolve a anterior, aprobado por Real decreto 887/2006, de 17 de novembro, así como da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

VII. A organización do evento obxecto do presente convenio corresponde en exclusiva a entidade Asociación club de tenis Pontevedra (NIF G36039121) o que imposibilita a concorrencia con outras entidades deportivas. A entidade atópase inscrita no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia co número C-01069 e no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Pontevedra co número 187.

En base a canto antecede, as partes intervenientes acordan celebrar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, que se rexerá con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO E ACTIVIDADE SUBVENCIONADA.

É obxecto do presente convenio establecer as condicións reguladoras da subvención directa de carácter nominativo, das previstas no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que se outorga polo Concello de Pontevedra á entidade Asociación club de tenis Pontevedra (NIF G36039121), para apoiar a organización do III Pontevedra Internacional Open U14.

OBXECTO

O fomento da actividade deportiva como un elemento fundamental de desenvolvemento da cidadanía, contribuíndo a súa práctica á mellora das relacións sociais e ao incremento do benestar e da calidade de vida de quen o practica.





ACTIVIDADE SUBVENCIONADA E PERÍODO DE REALIZACIÓN

Actividade	Datas realización
III Pontevedra Internacional Open U14	15.09.25 a 21.09.25

A subvención outórgase de conformidade coas disposicións da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e do seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra e os seus Organismos Autónomos (OXS), aprobada polo Pleno da corporación municipal, na sesión do 17/09/2004 (BOP nº 190 do 30/09/2004).

SEGUNDA.- IMPORTE DA SUBVENCIÓN E COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

O Concello de Pontevedra comprométese a achegar a cantidade máxima de 25.000,00 €, para colaborar nos gastos derivados da organización da actividade obxecto de subvención.

Debido ás especiais razóns de interese público e social que se xustifican no expediente tramitado para aprobación do presente convenio, a porcentaxe subvencionable poderá chegar ata o 100% do custe da actividade.

A achega municipal efectuarase con cargo á partida do Orzamento Xeral do Concello que se detalla, tendo emitido informe a Intervención Xeral Municipal sobre a existencia de crédito na dita aplicación orzamentaria.

APLICACIÓN	OPERACIÓN CONTABLE	IMPORTE
2025.05.3410.489.04	12025000043678	25.000,00 €
IMPORTE TOTAL		25.000,00 €

A subvención outorgada polo Concello é compatible con outras axudas, ingresos ou recursos públicos ou privados para a mesma finalidade. Neste caso, na xustificación da subvención deberá de acreditarse o importe, procedencia e aplicacións dos fondos percibidos á actividade subvencionada.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

A entidade Asociación club de tenis Pontevedra (NIF G36039121) está obrigada ao cumprimento das obrigas establecidas no artigo 14 da LXS, no artigo 11 da LGS e no artigo 7 da OXS, e a realizar os seguintes compromisos:

1. A entidade beneficiaria comprométese a destinar a subvención ao desenvolvemento da actividade descrita na cláusula primeira do presente convenio.
2. A/O Asociación club de tenis Pontevedra (NIF G36039121) ten a condición de organizadora e promotora exclusiva da actividade subvencionada limitándose a colaboración do Concello a achega da subvención comprometida, polo que esta administración está eximida de calquera responsabilidade que poida derivarse da realización do evento.





Consonte co disposto nos artigos 22 e 23 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, a entidade beneficiaria, como organizadora en exclusiva do evento deportivo, deberá subscribir obrigatoriamente un seguro para o suposto de accidente deportivo e un seguro de responsabilidade civil polos danos que se lles poidan ocasionar ás persoas usuarias, a participantes e a calquera outra persoa, como consecuencia das condicións das instalacións ou da actividade desenvolvida nelas.

3. A entidade beneficiaria comprométese a solicitar as autorizacións que, no seu caso, sexan necesarias para o desenvolvemento da actividade, así como a por en coñecemento deste Concello a data e lugar previsto para o desenvolvemento daquela, cando non resulte preciso a obtención de licenza municipal.

4. No caso de que a actividade subvencionada implicase o contacto habitual con menores de idade, a entidade beneficiaria responsabilizarase de dispoñer das certificacións legalmente establecidas para acreditar que as persoas que se adscriban á realización do proxecto para o que se solicitou a axuda non foron condenadas por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.

5. Ao abeiro do disposto no artigo 31 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector público para o contrato menor (a data, considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000,00 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000,00 euros, cando se trate de contratos de subministro o de servizos), deberán de solicitarse como mínimo tres ofertas de diferentes provedores. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán de achegarse no seu caso na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía; no caso de elixir a oferta menos vantaxosa dende o punto de vista económico, deberá de xustificarse esta circunstancia expresamente nunha memoria. Exceptuarase este requisito para o caso de que o gasto se tivera realizado con anterioridade á concesión da subvención ou cando no mercado non exista un número suficiente de empresas coas que contratar polas especiais características do gasto.

6. De conformidade co artigo 33 da Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Pontevedra, as publicacións, os carteis, a publicidade e toda produción escrita das actividades da asociación beneficiaria da subvención deberá estar en lingua galega.

7. A entidade beneficiaria someterase ás actuacións de comprobación e control financeiro que efectúe o órgano outorgante da subvención ou calquera outro órgano competente, achegando canta información lle sexa requirida.

CUARTA.- SUBCONTRATACIÓN DA ACTIVIDADE

1. A persoa beneficiaria terá que realizar por si mesma a actividade subvencionada, utilizando para tal fin os medios persoais e materiais dos que dispoña. Cando ditos medios resulten insuficientes, poderá contratar directamente con terceiros a provisión dos bens e servizos necesarios, sen que poida utilizar intermediarios que se limiten a xestionar a compra ou o servizo que non poden prover por eles mesmos, aumentando así o prezo final facturado.

2. De conformidade co que prevé o artigo 29 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e no artigo 68 do seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, a entidade beneficiaria non poderá concertar con terceiros a execución da actividade por importe superior ao 50% do custo total do proxecto.

Queda fóra deste concepto a contratación descrita no apartado 1.

3. A beneficiaria non poderá concertar en ningún caso a execución parcial da actividade nin contratar as prestacións de bens ou servizos necesarios para a realización da actividade coas persoas ou entidades que enumera o punto 7 do artigo 29 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.





QUINTA.- ANTICIPO

Poderá solicitarse pola beneficiaria o pago anticipado de ata o 60% da cantidade concedida, se ben cando o importe solicitado supere o 30% do importe concedido deberá presentarse previamente garantía suficiente de acordo co previsto na OXS.

A concesión do anticipo requirirá a solicitude previa pola beneficiaria da subvención e será para financiar gastos inaprazables derivados da organización da actividade obxecto de subvención.

SEXTA.- GASTO SUBVENCIONABLE

1. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación.

O IVE soportado, que deberá de constar desglosado, será subvencionable cando o beneficiario non poida deducilo, recuperalo ou compensalo.

Os custes indirectos imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que estean relacionados de maneira indubidable e se realicen no período no que se desenvolva a actividade. En concreto, consideraranse custes indirectos os gastos de persoal que non sexa contratado especificamente para levar a cabo o evento subvencionado; neste caso, deberá de achegarse certificado do beneficiario relativo ao custe imputado á subvención.

2. Non serán subvencionables en ningún caso os seguintes gastos:

- a) Os gastos realizados fóra do ámbito temporal da actividade ou proxecto subvencionado.
- b) Os gastos pola compra de mobiliario, de equipos informáticos ou de telefonía, e, en xeral bens que sexan de carácter inventariable.
- c) Os intereses debedores das contas bancarias, recargos, gastos derivados de operacións de crédito, nin gastos financeiros.
- d) Gastos derivados dunha mala ou ineficiente xestión dos fondos públicos.
- e) Sancións administrativas e penais, así coma os gastos de procedementos xudiciais
- f) Os gastos suntuosos e os que correspondan a consumos que poidan resultar nocivos para a saúde das persoas ou contribuíran a producir unha infracción das normas reguladoras da ordenación do territorio, o medio ambiente ou o patrimonio histórico-artístico.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A actividade terá que realizarse no ano 2025. Segundo o artigo 34.3 da Lei 38/2003 o pago da subvención realizarase previa xustificación pola beneficiaria da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención. O procedemento rematará coa resolución que aprobe a xustificación da subvención do Concello.

A entidade beneficiaria está obrigada a presentar a conta xustificativa da subvención, na forma de conta xustificativa simplificada, consonte co establecido no artigo 75 do Regulamento da Lei xeral de subvención, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

A conta xustificativa presentarase a través de medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Pontevedra (<http://sede.pontevedra.gal/>) ou en calquera dos rexistros electrónicos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A falta de xustificación ou a xustificación insuficiente terá como consecuencia a perda do dereito total





ou parcial da subvención ou, no caso de pagamento anticipado, o reintegro das cantidades xa percibidas.

O prazo máximo para a presentación da conta xustificativa será de tres meses dende a finalización da realización das actividades subvencionadas. A presentación da conta xustificativa fóra do prazo establecido constitúe unha infracción leve, ao incumplir as obrigas establecidas na normativa reguladora das subvencións públicas, e dará lugar á imposición das sancións previstas legalmente.

Poderase conceder unha ampliación do prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención cando así o solicite a entidade beneficiaria como mínimo un mes antes de que venza o antedito prazo. A ampliación deste prazo será resolta polo órgano competente, e non poderá exceder da metade do prazo inicial, sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.

A modalidade de xustificación será a de conta xustificativa simplificada, debendo de presentar a seguinte documentación:

- Solicitud de pagamento no modelo normalizado facilitado polo Concello.
- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación da actividade realizada e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. No caso de que a subvención se outorgue con arranxo a un orzamento estimado, indicaranse as desviacións acaecidas.
- Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación o importe e a súa procedencia.
- No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados dos mesmos.
- Documentación xustificativa da subscrición dos seguros obrigatorios previstos nos artigos 22 e 23 da Lei 3/2012, do deporte de Galicia.
- Documentación que acredite a publicidade por parte da entidade beneficiaria do financiamento da actividade polo Concello de Pontevedra (folletos, dípticos, carteis, etc.)

O Concello poderá comprobar os xustificantes de gasto que estime oportunos e que permitan obter a evidencia sobre a axeitada aplicación da subvención, polo que poderá requirirse da entidade beneficiaria a presentación das facturas e dos demais xustificantes de gasto que correspondan.

Neste caso, as facturas xustificativas da subvención deberán cumprir os requisitos establecidos no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real Decreto 1619/2012, estarán datadas no período subvencionable e conterán o selo de pago ou xustificación documental que acredite o seu pago.

Deberá indicarse pola beneficiaria a data da realización do pago e, no caso de que este non poida acreditarse coa conta xustificativa, a entidade beneficiaria deberá de comunicar ao Concello a realización do pagamento no prazo de 10 días dende o abono da subvención pola Tesourería Municipal.

Segundo o artigo 7.1 da Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra o fraude na súa redacción dada pola Lei 11/2021, de 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra o fraude fiscal, de transposición da Directiva (UE) 2016/1164, do Consello, de 12 de xullo de 2016, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal





que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo. (BOE núm. 164, de 10 de julio de 2021) non poderán pagarse en efectivo as operacións de importe igual ou superior a 1.000,00 €, polo que, o pagamento destas operacións deberá de realizarse pola beneficiaria por algún medio de pago distinto ao efectivo, debendo conservar os xustificantes do pagamento, durante un prazo de cinco anos dende a data da súa realización, aos efectos de acreditar a realidade do mesmo.

OITAVA. PUBLICIDADE E DIFUSIÓN DA SUBVENCIÓN

A entidade beneficiaria deberá dar publicidade da subvención concedida polo Concello e do carácter público da financiación da actividade.

De acordo con isto, deberá de destacar en lugar preeminente a colaboración económica do Concello de Pontevedra, na documentación da actuación, nas informacións, materiais e anuncios de difusión da actividade que realice e tamén na páxina web e nas redes sociais do evento, de acordo coa imaxe corporativa do Concello de Pontevedra.

NOVENA.- COMPROBACIÓN DA SUBVENCIÓN

No exercicio das funcións de fiscalización e control do destino dos fondos públicos, a entidade beneficiaria está obrigada a facilitar canta información lle sexa requirida pola Intervención Xeral do Concello, polo Tribunal de Cuentas e polo Consello de Contas de Galicia.

Neste senso, a súa actuación estará sometida á esixencia de responsabilidade contable nos termos e co alcance que determine, no seu caso, o axuizamento dos anteriores órganos.

DÉCIMA.- ÓRGANO DE SEGUIMIENTO, VIXILANCIA E CONTROL DA EXECUCIÓN DO CONVENIO

Para o seguimento das actuacións previstas e a solución de calquera controversia que xurda en canto á interpretación dos termos do presente convenio, constitúese unha Comisión de Seguimento integrada polo alcalde ou concelleiro/a no que delegue e o presidente da asociación.

UNDÉCIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

En todo caso, a modificación do contido do convenio requirirá o acordo unánime das partes asinantes do mesmo.

DUODÉCIMA.- VIXENCIA E CAUSAS DE EXTINCIÓN

O presente convenio de colaboración entrará en vigor no intre da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2025.

Serán causas de extinción deste Convenio:

1. O transcurso do prazo da súa vixencia e a realización do seu obxecto.
2. O acordo unánime das partes asinantes.
3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
5. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista na lei.

O incumprimento do obxecto, actividades e compromisos establecidos no convenio por parte da entidade beneficiaria dará lugar á incoación do expediente de reintegro da subvención, ademais da imposición das sancións que, no seu caso, resulten oportunas.





DÉCIMO TERCEIRA.- NATUREZA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003 e o Real Decreto 887/2006 nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos do Concello de Pontevedra e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento, as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

DÉCIMO CUARTA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O Concello de Pontevedra obrígase a cumprir o Regulamento (UE) 2016/679 Xeral de Protección de Datos (RXPd) e a Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

RESPONSABLES DO TRATAMENTO: Concello de Pontevedra (P3603800H) e a Asociación club de tenis Pontevedra (G36039121).

FINALIDADES DO TRATAMENTO: A xestión do Convenio;

LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO: Relación contractual en base ao Convenio establecido (artigo 6.1,b do RGPD) e o exercicio dos poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1,e do RGPD).

DESTINATARIOS DOS DATOS: As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión do Convenio;

PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais do Responsable.

EXERCICIO DE DEREITOS: As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar no seu caso o consentimento outorgado a través da sede electrónica na sección "[Dereitos sobre Protección de Datos](#)";

CONTACTO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS E INFORMACIÓN ADICIONAL: dpd@pontevedra.eu

En proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio, no lugar e data ao principio indicados, quedando un exemplar en poder de cada unha delas.

